



BANDO DA ALCALDÍA

**DON RAMIRO VARELA PEÓN ,
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA ,**

FAGO SABER:

A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, publicou no Doga do martes 17/04/2007 a Lei 3/2007 de “Prevención e defensa contra os Incendios Forestais de Galicia”, modificada en parte pola Lei 7/2012 de “Montes de Galicia” publicada no Doga do luns 23/07/2012.

Os artigos 21, 22 e 23 desta Lei, establecen as **obrigas dos propietarios das parcelas incluídas nas faixas de especial protección de núcleos que deberán cumprir coas obrigas da xestión do combustible vexetal (tala e roza)** nas fincas que se atopen “nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte”. “...nos primeiros 30 metros non poderá haber as espacies sinaladas na disposición adicional terceira da lei” 7/2012 de Montes de Galicia.

O prazo para a limpeza das citadas fincas será en todo caso antes do 30 de xuño de cada ano.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas anteriormente e tal e como se di no artigo 22 da Lei 3/2007, de procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes secundarias, o Concello de Agolada poderá proceder a notificación ás persoas reponsables, para que nun prazo de 15 días naturais (artigo 22.3), cumpra coa súa obriga, advertíndolles da posibilidade de **execución subsidiaria** en caso de incumprimento e sen perxuízo da instrución do procedemento

sancionador que correspondese, e da aplicación das **multas** coercitivas, no seu caso que poden ir en caso de incumprimento da Lei nos seus diferentes puntos, dende os 100 euros das leves no seu menor grado ate o 1.000.000 euros nas moi graves no seu tramo superior.

Ponse a dispor dos interesados, un modelo de solicitude de comunicación de limpeza de fincas, nas dependencias municipais, a fin de comunicarlle aos propietarios as obrigas anteriormente citadas.

O que se fai público para xeral coñecemento e para que se acate a citada Lei.

O manda e asina o Sr Alcalde de Agolada a 6 de Xuño de 2014.

O Alcalde